



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Febreiro 2023

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un incremento do 5,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 15,5 puntos á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 7,7%, 5,4 puntos menos que no mes anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de febreiro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 0,6% e en España un 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En trece comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de febreiro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un incremento do 5,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 15,5 puntos á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 7,7%, 5,4 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 5,4%, suma 4,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 5,2% e achegan 1,0 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 6,4% e nos *Outros servizos* o 10,6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 4,5%, co que achega 2,2 puntos a taxa de variación do índice xeral, e o *Comercio ao retalho* cun incremento do 9,4% achega 2 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 3,0%, o *Comercio ao retalho* o 10,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 18,4%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 5,2%. Os sectores que rexistran taxas positivas son: *Transporte* (5,9%), *Hostalería* (15,2%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (14,1%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 10,6%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos prodúcense na *Hostalería* (16,9%), *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (13,6%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (13,8%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,1% no mes de febreiro.


Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cun crecemento do 6,4% co que achega 3,0 puntos e o *Hostalería*, que cunha taxa do 15,2% suma 2,3 puntos a taxa de variación anual. En senso contrario, *Información e comunicación* e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* rexistran taxas negativas, -3,6% e -1,6% respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Illes Balears (20,4%) e Canarias (17,8%). O menor incremento rexístrase en Comunitat Valenciana (3,1%).

Índices de cifra de negocios. Febreiro 2023

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,6% respecto ao mes de febreiro de 2022, 1,3 puntos menos que en España (1,9%).

O persoal ocupado crece un 1,4% no *Comercio* e mantense estable nos *Outros servizos* (0,0%). Os maiores incrementos danse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,3%) e *Información e comunicación* (3,1%). As actividades con maior perda de emprego son *Transporte* (-3,9%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-2,5%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-1,0%). Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (4,8%) e *Hostalería* (3,4%).




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Trece comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de febreiro con respecto ao mesmo mes do ano 2022.

As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (5,7%) e Canarias (4,3%). As comunidades que perden persoal ocupado son Aragón (-0,5%) e Murcia (-0,2%).

Índices de persoal ocupado. Febreiro 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	148,5	5,4	13,1
Comercio	146,7	5,4	14,0
Venta e reparación de vehículos de motor	116,9	2,8	4,0
Comercio por xunto	163,6	4,5	15,6
Comercio ao retallo	111,3	9,4	10,3
Outros servizos	153,4	5,2	10,6
Transporte	219,0	5,9	12,3
Hostalería	93,5	15,2	18,1
Información e comunicacións	111,9	-5,0	-1,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	129,3	-0,6	7,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,1	14,1	11,5
España			
Xeral	131,6	7,7	10,4
Comercio	136,4	6,4	9,5
Venta e reparación de vehículos de motor	138,6	18,4	19,9
Comercio por xunto	147,7	3,0	6,8
Comercio ao retallo	113,8	10,9	12,8
Outros servizos	122,8	10,6	12,2
Transporte	132,6	7,3	9,3
Hostalería	97,5	16,9	21,6
Información e comunicacións	114,8	6,3	6,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	142,3	13,6	14,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,9	13,8	15,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	133,2	6,1	11,2
Comercio	136,1	6,4	12,2
Transporte	183,1	6,2	12,0
Hostalería	98,7	15,2	18,0
Información e comunicacións	119,5	-3,6	-0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	131,3	-1,6	8,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,5	2,4	0,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	131,6	7,7	10,4
Andalucía	130,0	10,1	13,6
Aragón	135,0	8,4	11,2
Asturias	130,2	11,2	10,6
Baleares, Illes	98,5	20,4	22,6
Canarias	125,0	17,8	22,8
Cantabria	135,2	5,8	8,9
Castilla y León	121,8	8,7	10,6
Castilla-La Mancha	136,5	8,5	10,1
Cataluña	129,1	9,2	11,2
Comunitat Valenciana	132,3	3,1	6,5
Extremadura	124,1	4,2	4,2
GALICIA	148,5	5,4	13,1
Madrid	134,8	5,6	7,5
Murcia	133,3	6,4	8,0
Navarra	143,4	9,4	13,6
País Vasco	134,7	9,1	10,4
Rioja, La	138,3	4,6	7,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,1	0,6	0,9
Comercio	110,7	1,4	1,2
Venta e reparación de vehículos de motor	95,9	-1,9	-2,4
Comercio por xunto	125,4	2,7	2,3
Comercio ao retalho	105,2	1,1	1,2
Outros servizos	104,3	0,0	0,6
Transporte	98,7	-3,9	-2,7
Hostalería	91,9	1,4	3,8
Información e comunicacións	117,5	3,1	3,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,1	4,3	3,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,4	-2,5	-3,0
España			
Xeral	108,3	1,9	1,8
Comercio	107,0	1,3	1,2
Venta e reparación de vehículos de motor	105,6	1,3	1,4
Comercio por xunto	111,9	1,6	1,5
Comercio ao retalho	104,1	1,1	1,0
Outros servizos	109,0	2,2	2,2
Transporte	111,2	2,9	2,7
Hostalería	97,5	3,4	3,6
Información e comunicacións	121,4	4,8	4,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,8	3,0	3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,8	-1,0	-1,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por BNE

Quadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,3	1,9	1,8
Andalucía	105,9	1,8	1,8
Aragón	105,6	-0,5	-0,8
Asturias	104,0	1,2	0,8
Balears, Illes	95,0	5,7	5,8
Canarias	106,4	4,3	4,1
Cantabria	104,0	0,0	-0,8
Castilla y León	101,5	0,7	0,3
Castilla-La Mancha	109,8	2,0	1,8
Cataluña	111,4	1,9	2,0
Comunitat Valenciana	107,9	0,0	-0,1
Extremadura	107,1	1,8	1,8
GALICIA	107,1	0,6	0,9
Madrid	112,0	3,2	3,0
Murcia	112,0	-0,2	0,1
Navarra	107,8	0,5	0,4
País Vasco	105,8	1,6	1,4
Rioja, La	106,8	0,4	0,2

Fonte: NE